REVISTA QUINCENAL DE CRENTES GALEGOS

IRMIÁ

a vós chamáronvos á liberdade

ANO XXXII • Nº 858 - Do 2 ao 15 de xullo de 2012

Bernardo, irmán nos soños.



A foto que fala



A foto que fala… e dá que pensar. Alumnos chineses lávanlle os pes aos seus pais.

O trasno Menos mal que nos queda Menosmal

Daniel López Muñoz



É que non se pode evitar, éche una cousa que vén de dentro, una agonía. Unhas ganas imparables de organizar unha movida potente e solicitar a independencia e a inmediata anexión a Islandia, mágoa do mar por medio, ou a Menosmal, país quimérico do que temos infinita nostalxia unha vez que Portugal xa está secuestrado.

Porque o da Meseta é moito. O da hispanidade esta que nos toca padecer é de chararnga, pandeireta e zambomba con peineta. E cheira a podre que alcatrea. Primeiro, despois da que está caendo, hai un xefe do estado ao que non lle abonda con ter un xenro compoñedor de negocios sucios, non, hai que dar confianza ao mundo e, así, cun 45 % de paro xuvenil, aparece cazando elefantes en Botswana seica con dama de compañía. Un, cero.

Hai máis. Á cuarta autoridade do Estado, o xefe e máximo representante dos xuíces, non lle vai exactamente o de cazar, nin o da acompañanta. O seu é Puerto Banús, a Toxa e un chófer compracente. Porque hai que demostrar ao universo que España está en boas mans, que o sentido da xustiza o impregna todo. E que o representante dos xuíces que instrúen as causas contra os políticos corruptos, pasa elásticos fins de semana sen reparar en gastos, todo a conta de fondos públicos que lle faltan á sanidade, á investigación e á atención social. Dous, cero.

Suma e segue. Despois está o poder executivo. Goberno tras goberno. A galope do dispendio en época de prosperidade e matando de fame ao aparello produtivo e á economía en época de anemia. Xusto ao revés do que hai que facer. Pero sobre todo, gabinete tras gabinete, color tras color, unha sensación brutal de inoperancia, de ignorancia, de impotencia. Tres, cero.

E aínda máis. Despois poñemos a todo o estado ao borde da bancarrota para salvar un macro banco que se formou doutros pequenos, con balances falseados, todos mal xestionados por amigos e afiliados do partido no poder que agora pide sacrificios e renuncias a traballadores e paradas, mentres ampara ao máximo responsable de calquera investigación que deite luz sobre o asunto.

De verdade, deixádenos marchar. Sodes malísimos. Pésimos colonizadores. Xa abonda de chulería, de fachenda, de incapacidade. Que nos domine, por unha vez, alguén intelixente.

Pois iso, que queremos a anexión a Menosmal, a Nuncaxamais ou a Querquellequer. Tanto nos ten.

Referendo xa!

Editorial Pauto co demo

A administración debería representar o interese público –o de todos e todas, especialmente o dos máis vulnerables.

Agora, coa controvertida iniciativa do actual goberno, a denominada amnistía fiscal, intenta realizarse unha manobra recadatoria á desesperada. Unha manobra perigosa e con moitas posibilidades de resultar ilegal: a oposición acaba de denunciala diante do Tribunal Constitucional.

Levamos tempo de mala pedagoxía por parte dos poderes públicos sobre a cuestión fiscal. O verme do liberalismo –prescindir do Estado como provedor de servizos básicos, enfraquecelo e deixar todo en mans do negocio privado- foise introducindo nas conciencias e nas prácticas políticas.

O Estado debe garantir que os que máis teñen paguen o que nos deben

Pero igual que no seu momento criticamos a mensaxe implícita do goberno Zapatero cando a devolución dos famosos 400€ –"non precisamos os vosos cartos, ao fisco sóbranlle"- hai que formular unha severa crítica á actual estratexia do PP.

En primeiro lugar polo fondo da cuestión. Por unha parte recoñécese que a inspección fiscal é incompetente ou innecesaria e que os grandes defraudadores son máis listos que o Estado, así que "se non podes con eles, únete a eles". Ademais, supón un agravio monumental para aqueles –non poucos- que tendo ingresos importantes declararon todo de acordo coa lei. Mentres estes pagaron dentro do prazo un 35% ou 40%, os "perdoados" pagarán un 10%. E por último é dubidoso que todo iso se poida legalizar por decreto-lei, xa que son asuntos que só poden regularse mediante lei, así que, que lles pasará aos "arrepentidos" se despois de saíren do armario se declara inconstitucional esa amnistía?

Despois hai cuestións asociadas que poñen patas arriba o estado de dereito. O decreto lei fala de exonerar da débeda tributaria, pero que pasa se esas rendas proceden –como é de supoñer nos casos realmente importantes- de actividades ilegais, branqueo de capitais, etc…?

Nunca como agora, bótase de menos unha inspección tributaria mellor dotada e máis incisiva. E sobre todo que apunte na dirección correcta: os grandes focos de fraude que ben se sabe onde están. E non é culpa dos inspectores, que levan anos reclamando medios e directrices.

Os impostos garanten os servizos. O Estado debe garantir que os que máis teñen –tamén asesores e redes de evasión- paguen o que nos deben a todos.

Rumores de esperanza

Xan Guillén



Entrade en Google imaxes e buscade o termo Amor. Atoparedes unha manchea de corazonciños e trapalladas variadas. A que ven isto? Pois cóntoche:

Ultimamente ando moito por Santiago paseando coa miña filla. E moitas veces atópome cunha parella. Non sei nada deles. El é un señor moi velliño. Posiblemente próximo ao século. Ela igual. El turra da cadeira de rodas dela con dificultade. Ela ten a ollada perdida. Semella que anda noutro mundo. Sempre que os vexo, quedo aparvado. Danme gañas de achegarme a eles e que me conten a súa historia. Ou de darlles unha aperta. Pero definitivamente decidín respectalos. Se non se me ocorre molestar a unha parella de adolescentes bicándose nun banco dun parque, quen son eu para molestar a esta parella que pasea o seu amor?

Deberiamos pensar realmente que entendemos por amor de parella. Rexeitar imaxes chafalleiras e optar por ese amor eterno. Por esa imaxe que todos os días pasea polas rúas de Santiago e que é un canto ao amor de verdade. Por todos eses velliños e velliñas que entenden a súa vida cun cariño eterno e cunha entrega que son a imaxe verdadeira do amor.









A peneira

1

O 7, XI Festa Rachada na Baña coa música da Terra de Santiago, que estala en protestas contra os despropósitos dos concellos: en Ames cobrando o lixo dun xeito retroactivo en 4000 vivendas rurais; en Compostela prohibindo actividades na rúa dun xeito arbitrario, mermando a creatividade e participación de asociacións sen fin de lucro. Así vai ser nas festas do APÓSTOLO.

2

Granell, na foto, naceu hai 100 anos na Coruña. As cinzas de Leopoldo NOVOA, 92 anos, son espalladas no mar de Raxó-Poio, onde veraneaba. Despois da República, viviron en Francia, este emigrou, Granell estaba no desterro; os dous confluíron na América do exilio. Novoa honra á Coruña co Mural de Santa. Margarida e a escultura nas Escolas Labaca.

3

CHINA acosa a 500.000 estranxeiros que viven alí, deportando os sen papeis, nunha poboación máis urbana, pois 240 millóns inmigraron á cidade en trinta anos. Durante séculos non puideran moverse dos seus berces. Son considerados de segunda, sen os dereitos dos urbanitas, Arredor da Casa do Libro de Pequín, na foto, pululan 20 millóns.

4

A agricultura ECOLÓXICA emprega 63% máis de persoas ca no 2002, e produce 15.300 hectáreas, facturando 27,2% máis. Os máis demandados: leite, carne, ovos… Medran os elaborados de peixe, mexillón, algas…, un 74%, Daveiga de Chantada -na que os traballadores poden ser socios- produce 500 Kg./día de galletas mariñeiras: algas, trigo...

5



7



6



8



Alfonso Blanco Torrado

5

Inditex catapultou as exportacións do TÉXTIL á primeira liña, relegando a automoción, que sempre fora líder a través da Citroen, a pesar de que perdemos 31 industrias e 211 compañías de confección dende o 2009. Tamén se sostén a venda alimentaria grazas á pesca de empresas coma Pescanova.

6

O 20% vive no RURAL. A Xunta amenazalles a axuda domiciliaria (1,66% fronte ao 4% estatal) de cen mil persoas, atendidas por 8000 asistentas. Son 2,8 prazas residenciais por cada100 habitantes, fronte á media de 4,3. Na Fonsagrada, Monse e Conchita, emprendoras, abriron a Casa Comunitaria. As Rodas (12 prazas), privada, fronte a dúas públicas que dirixen na linde asturiana.

7


UNICEF denuncia o incremento da pobreza d@s nenos: 104.000 entre nós. No 8,2% dos fogares non hai emprego. Só Bulgaria e Romanía nos superan na UE, mentres bancos e directivos devoran todo, insaciables, aproveitándose duns políticos entregados ao becerro de ouro, aniquilando o sentido da dignidade dos cidadáns por inanición crítica.

8

A PESCA artesanal afúndese. Representa o 65% do sector: ocupa a 24.600 en 5000 embarcacións, entre baixura e marisqueo. Esixen un 10% das cotas do xurelo, fronte ao 3,38% concedido, e o 37,28 asignado ao arrastre e ao cerco, tamén ferido pola falla de sardiña. Hai outras 20 artes: as de anzol (liña, palangre…), as de enmalle (trasmallo…) á deriva.…

POLITICA Política, políticos

Pedro Pedrouzo Devesa



Antes de que pase un ano, teremos novo goberno en Galicia, e posiblemente haxa unha ou dúas forzas políticas máis no panorama galego. Ignoramos a capacidade que terán de competir en parecidas condicións co resto de partidos, pero poden supoñer un punto de inflexión no nacionalismo galego, ou pola contra, poden esmorecer como tantas outras siglas políticas que foron esvaecéndose ante a amargura duns resultados electorais adversos.

Non sei se o panorama electoral galego será máis rico ou se a oferta seguirá sendo insuficiente para o padal de miles de galegos que seguen sen ter moita esperanza na capacidade de achegar solucións dos nosos políticos.

As numerosas decisións políticas que se toman diariamente nos distintos centros de poder, local, provincial, autonómico, estatal ou europeo, seguen deixándonos claro que a política é necesaria, que o seu exercicio é imprescindible e que sempre existirá. Facela máis ou menos democrática depende de nós.

Que unha sociedade sexa democrática depende dela mesma, da capacidade dos seus cidadáns de obrigar os seus representantes a telos en conta. É certo que esa é unha tarefa que ocupa tempo, de aí que o desencanto sexa a nota predominante entre a xente máis nova que ve con desagrado a vida política. Contemplar o sen número de arribistas e aproveitados que se introducen nas nosas institucións sen ter gran cousa que achegar á sociedade é desesperanzador. O poder segue sendo un dos grandes inimigos da democracia e, cada vez, somos menos capaces de controlar o seu exercicio.

Cada cita electoral e cada renacer dun partido debería supoñer unha reflexión sobre o que lle pedimos á sociedade na que vivimos, ecoloxicamente, socialmente, economicamente, laboralmente e culturalmente.

Á volta do verán comezará a precampaña. Programas, promesas, eslóganes e políticos comezarán a tomar forma diante nosa, renacendo pola necesidade de captar o noso interese e, se pode ser, o noso voto, que non é que vala moito, pero algo vale. O número crecente da abstención nas eleccións non é algo que beneficie a ninguén, porque a construción da democracia é un proceso lento e difícil, pero necesario.

Vaiamos aclarando as ideas, tendo claro qué queremos e qué imos pedir a aqueles que durante catro anos gobernarán a nosa terra. Ha ser a mellor forma de conseguir que fagan algo do que necesitamos.

O Peto do Santo Antón

Rubén Aramburu



Quixen facer homenaxe a Bernardo e saín á rúa a exercer de sociólogo pasivo, que consiste en pasear e fitar atentamente a xente que pasa, como vai vestida ou peiteada, de que falan e do extraordinario que pode aparecer en calquera momento no medio de moita xente. Vai sol e a rúa que escollo esta ateigada.

Fago a primeira parada e abro ben os ollos coma Bernardo. Na rúa peonil o concello gastou miles de euros para instalar uns bancos de cemento, seguramente pensando nos máis vellos. Os bancos están baleiros e os vellos están de parrafeo sentados no escaparate dunha farmacia, e outros no dunha tenda de calzados. Ao mellor os vellos non querían saberse vellos sentados en bancos para vellos.

Após de andar un tramo asubiando cantigas, detéñome por segunda vez. Pola rúa vai un vagabundo. Un vagabundo dos que había moitos anos que non miraba. Unha barba longa e branca, un pucho de lá e un abrigo escuro e raído. Recórdame aqueles vagabundos dos que escribían Jack London ou Dostoievski. Vai cun can tamén barbudo e cando ve unha cabicha no chan agáchase e gárdaa no peto. Había moito que non miraba a escena, non sei, quizais son recordos de filmes dos tempos da fame. Será que volven?

Unhas mulleres falan na porta da praza do peixe, case a berros. Van vestidas coma se fosen a unha voda pero veñen do peixe. Grazas a elas sei que están vendendo a sardiña a 18 euros o quilo, e que case non quedaba. A socioloxía é algo especulativa, debe ser que non volve a fame e o vagabundo era unha curiosa singularidade. Ou non. Acordo un chiste de Bernardo e sigo o meu paseo sorrindo, quizais como Peter Berger por unha rúa de Nova Iorque.

O CARRABOUXO por XOSÉ LUIS





Bernardo, irmao

Agustín Fernández Paz



Bernardo e Agustín en Vilalba á saída da primeira misa celebrada por Manolo Cillero

O pasado mes de xuño finou E
é doado presentalo con xustiza
que as palabras que mellor o
e indispensable. Bernardo dei
non mediático senón directo
sensibilidade e unha tremend
un discurso sinxelo e erudito, s
axudou a construír Irimia co
como expresión crente galeg
especialmente na sección da Be
de enorme beleza, fixo p

Pedímoslles a dúas persoas cer
Fernández Paz e ao músico E
(Mero), sendas colaboración
axudasen a lembrar

O 8 de xuño de 1960, no seminario de Mondoñedo, morreu o meu irmao Luís, aos dezaoito anos. Nese día tan amargo e triste, Bernardo García Cendán, moi amigo de Luís, con quen compartía a paixón pola música e a orixe vilalbesa, foi un esteo inesquecible para a miña familia. E continuou a selo moitos anos, tamén para min, pois Bernardo asumiu o rol de irmao maior e desde aquela non deixou nunca de exercelo. El era quen me escribía cartas longuísimas durante os anos da miña adolescencia na Universidade Laboral de Xixón. E el era o que, nos períodos de vacacións, conversaba comigo sen medida do tempo, con esa vontade socrática que nunca o abandonaría.

Logo, cando marchou a París e se mergullou na fervenza de ideas novas que agromaron nos anos finais da década dos sesenta, cada vez que regresaba a Vilalba traía canda el o espírito daquel tempo. E eu buscaba a súa compaña para escoitalo opinar sobre os temas –filosóficos, relixiosos, sociolóxicos— que tanto me interesaban e dos que Bernardo tanto sabía. E, de paso, para gozar das novidades que traía de aló; coma tal, por el escoitei a Paco Ibáñez por vez primeira, cantando os poemas de Lorca a carón do río dos Freires, ou *Vida e morte*, o disco inaugural de Amancio Prada, compañeiro seu na vida de París.

Máis adiante, cando a vida nos xuntou en Ferrolterra (el na parroquia do Socorro, a miña dona e mais eu no colexio de Mugardos), a nosa relación fíxose ben máis intensa e frecuente; foron moitas as horas de conversas e proxectos, e numerosas as persoas que tratei grazas a el. Daquela, xaora, fun moi consciente do seu intenso labor social, parroquial, cultural, cívico… nunha sementeira que deu moito froito duradeiro.

Cando a vida afastou os nosos lugares de residencia, mentres os anos pasaban cunha mestura de alegrías e golpes ben amargos, nunca deixamos de retomar a conversa inacabable cada vez que nos encontrabamos. Os diálogos máis recentes, xiraron ao redor da vida en París naqueles anos da súa estadía. Eu andaba a traballar na que logo sería a novela *Non hai noite tan longa* e precisaba información de primeira man. Nesa novela Bernardo acabou sendo un dos personaxes que nela viven, o sociólogo amigo que deixou pegada fonda na vida de Gabriel, o protagonista do relato.

E nestoutro xuño de 2012, preto xa dos días do verán, Bernardo fóisenos e o baleiro que deixa é imposible de encher. Sei que as palabras se gastan e que existe o perigo de se volveren rutineiras. Mais non por iso deixarei de dicir que as persoas viven, e nos acompañan, mentres permaneza aceso o lume que avivaron en nós. E se algo facía ben o noso amigo era prender lumes na xente coa que convivía.

Bernardo, irmao, estás moi vivo no meu corazón e no de tantas persoas que tiveron a fortuna de facer canda ti algún treito do camiño da vida. E así has seguir mentres teñamos memoria, pois a semente que deixaches enraizou moi fondo, tanto que ninguén poderá arrincala nunca.

Irmán nos soños

Baldomero Iglesias Dobarrio, Mero

Bernardo García Cendán. Non a a quen non o coñeza. Cremos definen son as de ser invisible xa un enorme bacío, un bacío o; persoa que, cunha enorme la capacidade intelectual, tiña sensible e profundo. Bernardo omo revista, como Romaxe e ga, escribiu fermosos artigos, oa Nova, o Eco, musicou pezas osible un mundo mellor.

rcanas a el, ao escritor Agustín Baldomero Iglesias Dobarrio ns para este número que nos quen foi Bernardo.

Hai algún tempo non recibo, dos meus correos, a súa cumprida resposta. Son reenvíos de cousas que poden resultar interesantes ou maiormente graciosas, tirando mesmo a irreverentes. El facía o mesmo ou mandaba as súas verbas con textos entrañables, por exemplo no Nadal, a modo de felicitación. Tiñamos ese espazo, ese punto de encontro e tamén de broma. Riamos xuntos tanta parvada que nos envolve e que reflicte a nosa imaxe, nese espello da vida que habita no común e cotián, eido afectivo que minoraba o tempo que pasabamos sen nos ver. Algo non está ben, supuxen, cando non contesta! Quizais anda de viaxe, ...non creo. Souben que estaba ingresado, díxomo Rubén. Anoitecín ao sabelo. Fun onda el acompañado de Mato. Collino da man, por un momento pareceu debuxar un sorriso, ...de cando un chiste prendía nos ollos. Pero estaba xa moi maliño, ausente practicamente deste noso mundo de angueiras. No rostro a paz feliz do sosego. Si, tranquilo e coloradiño de cara. Mais, preparando a viaxe do descanso (deixouno dito coas súas palabras: morrer é descansar). Ao saír de alí, desacougado, sentín necesidade de contarme, a min mesmo, desde a impotencia, o que se nos viña enriba na súa ausencia. Escribir para desafogo, como terapia para asumir unha perda así, a dun amigo de verdade que dicía sorrisos de esperanza: cómpre seguir sen derrotarse, o medo paraliza e non nos deixa ver nin sentir. Por iso escribín aquilo:



Bernardo e Mero durante a celebración do Día da Cultura Chairega en 2010

Aínda estou
na xenreira contida e na dor,
na impotencia de verte
alí calado e mudo, deitado no silencio.
E ao darche a man, sei que perdo
unha man máis, a man amiga,
a man que estivo xenerosa
e me axudaba a erguer a cada intre
das miñas tantas derrotas.
Alí tendido quixen arrolarte cunha breve canción,
cunha anaina doce e suave
como a Lúa de Vilalba, a nosa Matria,
para que durmises tranquilo
abrazando o que soñabas.
Hoxe, Bernardo, quixera ter a verba precisa
para aloumiñarche a orella,
mais sei que hai moitos momentos
nos que sobran as palabras
porque nada din, ...xa non din nada!
Por iso chorarei en soidade as miñas bágoas,
mentres nos mires a todos
polas nubes da nostalxia,
facéndonos rir, coma sempre,
o teu sorrir de esperanza
co teu vagar sosegado,
nas lembranzas pola Chaira!

Un día, Bernardo, darasme o poema que fixeches, si hom, ...aquel que fala de Vilalba, o que o tes na cabeza desde hai máis de corenta anos. Así mo dicías sempre, cando cho reclamaba. Sei que un día virá nun papel, polos eidos virtuais da nostalxia, e virá voando aquelas brisas cálidas de calquera outono. Unha boa canción, da nosa orixe, ten que estar escrita e musicada por quen somos de alí, ...ou non? Tamén queda pendente gravar os temas das Romaxes, ...hai que lembrar e recompilalos nunha gravación. Moitos dos textos son teus (O Credo, A Cantiga das Augas, Peixiño que vés brillando...) e puxémoslles música para seren cantados, para agasallar ás brisas ventureiras, cambiar o aire murcho por alentos de porvir, ese que parece nunca chegar, que tantas veces nos negan os que non cren nun mundo mellor e máis repartido. Urxe, e son canle da nosa loita. Seguirás chegando tarde e con esa demora que te caracteriza, quizais necesaria para ver desde a lenta perspectiva. Pero virás tamén, co sorriso posto nos beizos, facéndonos cargar as pilas da forza precisa para seguir, para non esquecer, para –xuntos- camiñar e rir, rir sempre e moito, mesmo de nós. Eu sei que virás alentando, co berro seco da irmandade, nesa sede que engaiole arelas, as aínda agachadas pero enchidas de confianza. Esa sede é a forza que nos move, ...fervenza para nos mergullar!

Utopía



O mal de ollo (O ECO, número 582 da revista Irimia)

Cando era neno contáronme a historia dun cura que estaba moi preocupado porque sempre que collía unha moeda para lla dar a un mendicante esfarelábaselle entre os dedos, facíase po miúdo e, polo tanto, o santo párroco non era quen de facer con xeito unha obra de caridade. Por máis que rezaba non atopaba remedio que lle permitise exercer a súa indubidable xenerosidade. Un dos seus fregueses, que era vello e con moita sorna, repetíalle sibilinamente que a súa doenza era unha rara variedade de mal de ollo, pero non lle explicaba máis. O cura non lle podía facer moito caso a aquelas andrómenas dun vello retranqueiro e supersticioso. Pasou o tempo e, cando estaba a piques de morrer, decatouse de que o seu menosprezado fregués adiviñara con certeza a orixe do seu mal. A cousa era que o bo do cura sempre tratara de dar esmolas cando era observado polo ollo dalgún veciño. Efectivamente, era un mal de ollo algo raro. Contan que aquel coitado curiña puido evitar moito tempo de purgatorio porque, no derradeiro minuto, tivo o tempo xustiño de mandar retirar unha placa que el mesmo mandara poñer, co seu nome, nun muro da igrexa que se erguera co esforzo de tódolos veciños mantidos no anonimato. Esta é unha historia que quedou na miña memoria de neno. Tamén debería dicir que puiden convivir con outro cura que era especialista en non humillar a ninguén coas esmolas que, sen embargo, repartía a cotío. Hai moitas historias de curas, leigos e ateos que aliviaron penas no silencio, pero non se poden contar porque só Deus as coñece enteiras.



Voar pola súa conta (O ECO, número 593 da revista Irimia)

Veño de me atopar co vello amigo Manolo a quen lle bautizara un fillo hai máis de vinte anos. Na cerimonia léralles o agora moi coñecido poema de K. Gibran, referido ós fillos, que se enceta con aquel chocante verso: "os vosos fillos non son vosos...veñen pola vosa mediación, pero non vos pertencen". Tanto Manolo como a súa compañeira Luísa, ámbolos dous moi sensibles á palabra, pedíronme aquel texto que gardaron e releron moitas veces ata aprendelo de memoria. Cantas veces teño pensado nesas verbas, dicíame o meu amigo hai unha hora despois de moitos anos sen nos ver. Educamos ó noso fillo o mellor que puidemos e privámonos de moitas cousas para encher a súa vida de oportunidades que el aproveitou axeitadamente, está a piques de ser un enxeñeiro de telecomunicacións e xa ten interesantes propostas dunha empresa galega punteira. Está ben bautizado, comentei cunha pinga de ironía. Nós estamos moi orgullosos del, respondeu Manolo mentres explicaba: o que acontece é que no noso esforzo de educación deixámonos levar polo ambiente de competencia que nos abafa e acabamos transmitíndolle unha actitude calculadora que, inconscientemente, nos invadía tamén a nós. Agora sáenos o rapaz con que está facendo as xestións para se ir de cooperante a non sei que país africano. Está moi ben bautizado, retruquei satisfeito, non se deixou engaiolar coa vosa educación. Nin sequera nos preguntou o noso parecer, dixo o pai entre orgulloso e perplexo. Sempre quixo voar pola súa conta e a nai pasou a vida queixándose do pouco que lle ten comentado das súas decisións. E ti tamén, respondín. Cun aberto sorriso de satisfacción rematou Manolo: non sei se non nos ameigarías cos ensalmos daquel poeta árabe. Eu non pensei nas meigas, máis ben quedei matinando no vello Xosé – dis que era vello – e a moza María tan desgustados por aquel neno que, sen avisalos, deixouse perder no templo. Tampouco lles saíu ben a educación.



LIBROS Escolma teolóxica para un verán caloroso

José A. Martínez

Todo é crise. Mesmo o fútbol, tan monopolizador de medios de comunicación, conciencias e gozos varios, aparece tinxido de primas de risco. A Eurocopa dos países rescatados. O peor é que todo se explica e, fundamentalmente, se xustifica xa non polo ídolo chamado mercado, senón por esa palabra máxica: crise. Hai novas que só se entenderían en filmes fantásticos de terror e que se coan, con naturalidade, nas páxinas de sociedade dos xornais: os médicos alertan sobre que doentes aos que se lles diagnóstica cancro piden unha medicación que non implique a caída do cabelo. Son as consecuencias da reforma laboral, son as consecuencias da crise.

Simplemente amor. A teoloxía continúa a abrir horizontes.


Mágoa de non saber inglés. Quen non dominamos a lingua de Shakespeare estámonos a perder o que se está a publicar no mundo anglosaxón. A través dunha nota de prensa nos enteramos da polémica pola notificación vaticana á obra da monxa Margaret A. Farley, *Just Love: A Framework for Christian Sexual Ethics*, que presenta aspectos que van contra a doutrina cristiá. O piincipal problema: abrir unha visión aberta á realidade da homosexualidade, a masturbación, o divorcio e os matrimonios tras un divorcio. A principal asociación de teólogos norteamericanos defende a seriedade da obra. De nada vale tampouco a defensa feita pola Conferencia de Liderazgo de Mulleres Relixiosas (LCWR, as súas siglas en inglés), que agrupa a unhas 1.500 superioras, e que representan un 80% das 57.000 monxas que residen nos EE.UU. Coas notificacións do Vaticano "hemos topado".

Bieito e as súas notificacións. Unha guía para o verán

Non é por levar a contraria. Algúns dos libros que máis me marcaron, que me axudaron a profundar na miña vida cristiá foron notificados pola Congregación para a Doutrina da Fe. Como coa crise económica, non se nos pide un espírito crítico, esíxesenos comungar con rodas de muíño. Fagamos unha pequena lista de libros que poden nos facer pensar.

E quen din que son eu? Cristoloxía:

Malia que Bieito XVI monopolice os estantes das librarías no apartado relixiosa, hai máis vida. Ao xa ben coñecido Jesús, unha aproximación histórica, de José A. Pagola, poderiamos unir a obra de Jon Sobrino *Jesucristo liberador: Lectura histórico-teológica de Jesús de Nazaret (Estructuras Y Procesos)*, Ed. Trotta, 2010, a de Roger Haight, *Jesús, símbolo de Dios,* publicada pola mesma editorial, ou a máis clásica de Schillebeeckx *Jesús, la historia de un viviente,* Edic. Cristiandad, 1981.



Non estamos sós. Hai salvación alén da Igrexa?

A obra de J.M. Vigil, a quen entrevistamos hai un par de anos en Irimia, Teología del pluralismo religioso**.** Curso sistemático de Teología Popular**,** Ediciones El Almendro, 2005, é un bo punto de partida para un tema, o do pluralismo relixioso, incipiente e moi discutido. A obra de Jacques Dupuis, *Hacia una teologia cristiana del pluralismo religioso*, Sal Terrae, 2000, esixirá de nós unha lectura máis pausada.

Os descualificados. Mellor non ler

Non hai nada peor para a obra dun autor que circunscribila a unha etapa da vida. Penso que isto é o que lle acontece a A. De Mello. Sempre é un bo momento para coller un dos seus libros de relatos, facer un silencio, e deixalos resoar na nosa cabeza. Se hai alguén publicamente combativo contra a estrutura da igrexa vaticana ese é Hans Kung. As súas obras son densas, ben dificiles para compartilas coa area da praia. Mais recomendo especialmente calquera dos dous volumes de memorias da súa vida, publicados por Trotta, que nos meterá no interior do Vaticano II e nos falará dos temas eixo da teoloxía europea da segunda metade do s. XX.

Un apéndice.

Henri Nouwen. Calquera libro. Mais, se aínda non lestes nada del, *Formación espiritual: Siguiendo los impulsos del Espíritu,* editado por Sal Terrae.

Camiños de arte e historia (e IV)

Clodio González Pérez

O ESPLENDOR ROMÁNICO

Os estudosos da arte sinalan as igrexas de Santo Antoíño de Toques, San Martiño de Mondoñedo e San Xoán de Vilanova, esta última a menos coñecida, no concello coruñés de Miño, como as máis antigas do noso románico, de mediados do s. XI, antes de comezar obras da catedral de Santiago en 1075.

Non é doado tendo en conta o extraordinario número de construcións completas e outras que sufriron engadidos posteriores, nin sequera mencionar aquí as máis senlleiras, entre as que se contan dende catedrais, ata humildes igrexas rurais e grandiosas monásticas.

Pola contra, son moi escasas as obras de carácter civil que chegaron aos nosos días, aínda dependendo da Igrexa, das que as máis salientables son o pazo de Xelmírez (o andar superior é posterior, do s. XIII), a adega de Gomariz no corazón do Ribeiro do río Avia, que foi do mosteiro de San Xusto de Toxosoutos, e as torres de Oeste na foz do río Ulla.

Entre tantos edificios escollemos catro, un por provincia, nomeando outros próximos que tamén se poden visitar na mesma xornada.



Santo Antoíño de Toques

SANTO ANTOÍÑO DE TOQUES

Segundo o primeiro documento que se coñece, do 23 de febreiro de 1067, data en que o rei don García de Galicia lle doa varias propiedades, estaba baixo a protección da Virxe, dos anxos, de varios santos, dunha santa (Natalia) e, por último, de *sancti Antonini, quorum baselica fundata esse dinoscitur in loco Feruencias, ubi dicunt Toccas.*

Trátase dunha sinxela construción de planta rectangular e ábsida cadrada, reformada con moita seguranza a finais do s.XI (a fachada é moi posterior, de 1872). O elemento decorativo máis notorio constitúeno a sucesión de arquiños da capela maior e o friso de dentes de serra, neste caso de ladrillo. Carece de campanario, que para que se escoiten mellor as campás érguese no monte, pola parte de arriba.

No interior hai restos de pinturas do s. XVI, un relevo de contra o s. XI e un magnífico Calvario, formado polas tres figuras tradicionais (Cristo entre a Virxe e San Xoán Evanxelista), situado no testeiro da nave, do último cuarto do s. XII. Do antigo cenobio, anexionado ao compostelán de San Martiño Pinario en 1515, case non se conservan restos. Quedan dunha ferrería que funcionou no lugar ata mediados do s. XX, aproveitando a forza da auga do río para mover o rodicio do mazo e outros enxeños.

A xornada pódese pasar case enteira en Santo Antoíño de Toques (a denominación oficial da parroquia é Santa María da Capela), aínda que advertimos que o entorno non é aconsellable para andar nenos sós polo accidentado do terreo. Preto queda Sobrado ou, pasando á provincia de Lugo, a fortaleza de San Paio de Narla no concello de Friol, senlleira construción do s. XVI que acolle a sección etnográfica do Museo Provincial de Lugo.



Ábsida de San Martiño de Mondoñedo. Os contrafortes datan de 1866.

SAN MARTIÑO DE MONDOÑEDO

É unha das freguesías do concello lugués de Foz. O edificio actual vense datando entre finais do s. XI e comezos do XII, pero non está claro se houbo outra construción anterior, que se supón que si, pois algúns historiadores ata o identifican co mosteiro Máximo do que se di que era abade o bretón Mailoc, un dos asistentes ao primeiro concilio de Lugo, o ano 569. Foi catedral ata que o papa

Pascual II, a petición da raíña Dona Urraca, trasladou a sé para Vila Maior, a actual cidade de Mondoñedo.

De planta basilical con tres naves e ábsidas semicirculares. Sobresae o conxunto de capiteis da nave principal, nos que está representado Adán e Eva no Paraíso, a degolación de San Xoán Bautista, o rico Epulón e o pobre Lázaro e outros de non doada identificación. Unha peza considerada excepcional é o retablo pétreo, de calcaria amarela, presidido por Cristo sedente e bendicindo.

Para o que queda da xornada temos a cidade de Mondoñedo, capital da provincia do seu nome ata 1834 en que pasa a formar parte da de Lugo. Aquí naceu e está enterrado no cemiterio Álvaro Cunqueiro, e a poucos metros, na parte reservada aos "masóns" e non bautizados, Manuel Leiras Pulpeiro, aquel que dixo que Xan Galego tiña aforado: *medio corpo ó señor cura, / e outro medio ó señor amo, / e a vida ó Rei, que cha xoga / por menos dun triste ichavo*



San Pedro de Vilanova de Dozón

SAN PEDRO DE VILANOVA DE DOZÓN

A igrexa fica a curta distancia da estrada xeral de Santiago de Compostela a Ourense, preto da capital do concello do mesmo nome, Dozón (non a trabucar con Santa María de Dozón, freguesía lindeira, con restos románicos). Foi convento de bieitas fundado en 1124 por Guntroda Suárez, como consta nunha inscrición no exterior da ábsida, e favorecido por varios monarcas, sobre todo Afonso VII. Deixou de ser cenobio en 1499, ao pasar as monxas ao mosteiro compostelán de San Paio de Antealtares.

Trátase dunha obra dunha unidade construtiva magnífica, que ata conserva a espadana das campás, con cuberta de madeira, agás a cabeceira, e tres portas, das que unha, a máis pobre en decoración, comunicaba coa casa conventual.

As horas restantes pódense aproveitar para ir a Carboeiro, a curta distancia de Silleda, non só para ver a igrexa románica do antigo mosteiro, senón para xantar á sombra e facer sendeirismo baixando ata a Ponte do Demo, sobre o río Deza.



Ábsida da igrexa e porta da adega, Gomariz.

A ADEGA DE GOMARIZ

Gomariz, do concello de Leiro, queda a curta distancia do mosteiro de San Clodio, e ten sona dende antigo de moi bo viño, tanto é así que no s. XI o rei Bermudo III posuía varias viñas nesta parroquia.

Como queda dito, é unha das poucas construcións románicas non relixiosas (aínda que dependendo dun mosteiro) que se conserva en Galicia. Fica de par da igrexa, tamén un fermoso exemplar románico do século XII, e da casa que foi priorado e granxa, primeiro do mosteiro de Toxosoutos (Lousame - A Coruña) e logo, dende o ano 1504, do de Sobrado. Nesta impresionante adega de planta rectangular, propiedade privada dende a Desamortización relixiosa do ministro Mendizabal, estaban os lagares e as cubas onde os monxes elaboraban e gardaban o viño.

O Ribeiro é tan rico en arte e paisaxes que unha xornada non abonda para percorrer os arredores, pois só centrándose nas obras románicas, ben preto están San Clodio, Santa Mariña de Esposende (con dous canzorros con gaiteiros), Lebosende (a portada), Serantes (moi rica en escultura), Lamas ou Pena Corneira (sinxela pero nun enclave natural extraordinario) e a vila de Ribadavia con tres: Santiago, San Xoán e Santa María da Oliveira. O xantar pódese facer na área de lecer de Pena Corneira, con mesas, sombra e auga.

O noso taboleiro

Redacción

4ª FESTA AFRICANA EN MAZARICOS



O próximo 14 de xullo vai ter lugar no concello de Mazaricos, no aeródromo da Fervenza - Instalacións de Naturmaz, a "4ª FESTA AFRICANA", organizada pola asociación Egueire. Despois da boa experiencia de anos anteriores, este ano pretenden acoller a un maior número de persoas para compartir un día de festa centrada na realidade dos proxectos de cooperación que teñen en Costa de Marfil. A partir das 11:30 horas iniciaranse as actividades, entra as que se atopan un rastrillo de artesanía africana, ou o concerto da coral Saint Luc de Banakintré, que amenizará o café e a sobremesa posterior a un xantar marfileño realizado cos mellores produtos da nosa terra. En todo momento estará habilitados puntos de información sobre os seus proxectos de cooperación e sobre a realidade de Costa de Marfil.

Neste momento a Asociación de Cooperación Exterior Égueire está a colaborar en dous proxectos en Grand-Lahou: a rehabilitación de tres aulas da escola de N'Zida e na construción duns aseos no orfanato de Yopougon. A asociación tamén está a colaborar con proxectos elaborados por pequenas entidades do país.

Coas entradas a IV Festa Africana, que teñen un prezo de 20 € para os adultos, sendo a entrada para os menores de 10 anos de balde, pódese colaborar á realización destes proxectos. As entradas pódense pagar en calquera sucursal de NovaGalicia Banco poden facer o ingreso na conta 2080 0313 90 3040005650 indicando –moi importante- quen fai o ingreso e o número de persoas que asisten con ela, tamén o número de adultos (ad) e nenos (n). Para máis información: http://www.egueire.org



DEPUTACION DA CORUÑA
www.dicoruna.es

EDITA: Asociación A. IRIMIA **FEITO EN PAPEL RECICLADO**

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Manolo G. Turnes, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Xosé Chao Rego, Victorino Pérez Prieto, Xosé Antón Miguélez, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopeña, Gumersindo Campaña, Tareixa Ledo, Moisés Lozano, Clodio González Pérez, Antón Martínez Aneiros, Sara Paz Quiñones, Manuel Pérez Blanco, Xabier Blanco, Bernardo García Cendán, Valentina Formoso Gosende, Celia Castro Ojea, Xerardo Castedo Valbuena, Engracia Vidal, Francisco Xabier Martínez Prieto, Fernando Veiga, Antonio Pinto Antón, Bea Cedrón Vilar, Mariano Guizán Sánchez, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Carme Soto, Marisa Vidal e Xan Guillén, Christina Moreira.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓNS EN: revistairimia@asociacion-irimia.org

SUBSCRICIÓNS: Apdo. 296 - 15705 Santiago de Compostela. Telf.: 655 028 253 / subscricions@asociacion-irimia.org
Ordinaria: 24 Euros. de Apoio: 36 Euros.

PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA: asociacion-irimia@asociacion-irimia .org

CONTA: NOVACAIXAGALICIA, CC/2080-0349-85-3040005822- Urbana, nº 8 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **TIRADA:** 1.000 exemplares **DESEÑO E MAQUETACIÓN:** Ninfa, Riveiro, Martínez

ISSN: 2172-9182 **IMPRIME:** Artes Gráficas LITONOR S.A.L. **DISTRIBÚE:** IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: http://asociacion-irimia .org/revista.xhtml

Boa Nova



A CLAVE

Non é este o carpinteiro?

Cando Xesús chega ao seu pobo atópase coa desconfianza na mirada de moitos e moitas. Os comentarios que fan os seus veciños falan da imposibilidade que teñen de comprender que a divindade poda visibilizarse no actuar de alguén que medrou ao seu carón.

Para aqueles galileos e galileas foi difícil entender a novidade que representaba o actuar e o falar de Xesús. Xa non eran os tempos nos que Deus viaxaba co seu pobo polo deserto, agora Deus habitaba no templo e a relación coa xente marcábaa o culto, coas súas leis e fronteiras.

A difícil situación social, económica e relixiosa que vivía o país baixo a dependencia do Imperio Romano renovaba o anhelo mesiánico entre a xente na espera dun xesto poderoso por parte de Deus.

Nese humus Xesús chegaba propoñendo outra maneira de ver as cousas, proclamaba un novo rostro de Deus que se vinculaba fondamente coa súa persoa e co seu xesto de actuar e os seus paisanos e paisanas non se fían: de onde lle veñen esas cousas…?

Non importa se cura ou libera, se a súa fama lle precede polos signos que fixera noutros lugares, o que contaba era que era "o fillo de María" e "o irmán de Santiago…" e nisto non había nada extraordinario. O carpinteiro non podía traer a resposta esperada de Deus.

Marcos describe con realismo a escena, facéndonos sentir esa atmosfera de escepticismo que impediu a Xesús compartir cos seus veciños e veciñas as posibilidades de Reino.

A comunidade a que escribe Marcos, posiblemente romana, era bastante débil e insignificante na cidade, e sabía tamén o que é "non ser profeta na súa terra". Por iso, escoitar esta narración lles confirmaba a posibilidade do rexeitamento social pero tamén a maneira co que han de afrontalo, ao xeito do mestre.

Carme Soto

O ECO

AUTO ODIO PARA PRINCIPIANTES

Querido Mestre, que che pasa? Esa non é a túa cara de sempre, ese ollar circunspecto e intelixente, cheo de razón, de quen o sabe todo por adiantado, e todo o entende... claro que iso é cando non te pintan con cara de sufrimento. Hoxe fico parada diante cara de sorpresa que se che queda. Lémbrasme a alguén (a quen quero moito) que adoita a quedar coa boca aberta de cando en vez. Benvido á túa primeira? Lección de auto odio. Esa cousa tan estraña que nunca acabas de xustificar.

Quen mais te quere, ou máis cres que te debera crer, trátate peor que os de fóra. A túa xente, eses con quen compartes todo, os mesmos que xogaban contigo a rubir ás árbores de pequeno ou a cambiar cromos. Es@s mesm@s son @s que agora che guindan pedras por saíreste do guión, por non seres de todo coma el@s. Vaia meu rei, a ver se vas querer ser famoso ou saber máis que nós! Pero ti quen ves sendo! Témosche a ficha e non te vas mover. A ver se che queda clariño. Tanto ten, home contra home, muller contra muller, negra contra negra ou obreiro contra obreiro. Ocorre porque si, porque a gravidade tira para baixo digo eu.

Eu non che quito ollo, quedáseche a mesma cara tantas veces. Mesmo é o que mais me doe na cruz, morres sen entender por queos teus, eses que tamén son ti porque matándote a ti mátanse eles "sen saber o que fan", por que se suicidan á fin. Se buscas comprensión, pásate por Galiza, choraremos xunt@s e sempre nos quedarán as marxes.

Christina Moreira

A PALABRA

DOMINGO 8 DE XULLO.
XIV DOMINGO DO TEMPO ORDINARIO

Mc 6, 1-6

Naquel tempo, foise para a súa vila, acompañado polos seus discípulos. Cando chegou o sábado, empezou a ensinalos na sinagoga. E moita xente que o escoitaba dicía abraiada: "De onde lle veñen a este esas cousas? (...)".

Falando da lingua Esmorecidas...

Lidia e Valentina



Parente rico, *cata que* comes

Primeiros días do verán, tempo de lecer, de xoldra, de visitar amigos, familia, lugares bonitos, especiais, tempo de ilusión. Nesta calor que xa empeza a apertar, estamos esmorecidas co pasamento de dúas persoas ben queridas por nós, pertencentes a dous mundos totalmente diferentes, que, por cousas da vida, ou da morte, cadraron na mesma folla das necrolóxicas, do discurso sobre os mortos, de *El Progreso*.

Pois si, foise de onda nós Bernardo, irimego de paz onde os haxa e dunha excelente calidade humana. Nós quedamos sen voz. A nosa homenaxe, o silencio. (...)

E tamén se nos foi Manuel das Rozas, nacido en 1908, con case 104 anos! Manuel, coma os do seu tempo, daba conta da súa idade dicindo que era da quinta do 28, fixo a mili "cando era gobernante D. Miguel Primo de Rivera y Orbaneja, grande de España y marqués de Estella".

Con Manuel fóronse un lote de léxico e de expresións que a vida moderna foi sacando de uso e que agora a ignorancia é capaz de cualificar como enxebrismos ou inventos. Utilizaba o "**cata que**" cunha mestría que chamaba a atención dos que non somos da mesma zona e dos que temos moitos menos anos, si, porque esa é unha desas locucións que cando se estudan parece que foi inventada... pero non! E o mesmo uso facía de "**abofé**", como "claro que si" ou incluso como "non me digas?"

"**E cal é a súa gracia?**" preguntáballe a calquera para coñecer o seu nome. Ou preguntáballe E ti naciches **ás** Rozas de Riba? "**Nacer a**…", unha expresión que nos recorda o francés, pero que é moi galega, aínda que en desuso.

El era de cas Rozas. Aquí temos o "**cas**" para indicar que era desa casa, e incluso máis, desa familia: "cas Lindín, cas José, cas…

Evidentemente, falaba de "**mis padres** " con esa fórmula de respecto que é totalmente galega e dicía que "nós fomos padres de 8 fillos".

Contaba aventuras da guerra e que alí estaban **roldados,** é dicir que facían as gardas por roldas, a cada tantas horas facía a rolda un. Ó mellor sóavos máis a expresión para falar das roldas do muíño ou da auga, que o luns tócalle a tal casa de tal a tal hora, o martes a estoutra…Tamén contaba que nunha ocasión tiveran que coller **os montantes** e fuxir. Os montantes!, todas as súas cousas, o que daban levado á carga!

Os irimegos e irimegas habemos conservar este legado lingüístico, e con el a súa memoria.

O Fachineiro da lingua

A boas horas, greensleeves

Évos o que ten o disque plurilingüismo, que ata o fachineiro se ve afectado, en calquera sentido do termo, pero sobre todo en relación ao sentimento de perda que temos os/as galegofalantes fronte ao estado da nosa lingua e a rabia perante a actuación do noso goberno. Nunha resposta parlamentaria os que se encargan da cousa lingüística recoñecen o reducido uso da lingua en espazos urbanos -nos que vive maioría da poboación- pero aínda así decidiron perpetrar o decreto que o reduce no ensino e que o afasta da ciencia. Ollo! Non vaia pensar ninguén que se trata de



autocrítica ou revisión para elaborar unha política lingüística digna de tal nome. Non. Só é unha constatación a modo de escolio para continuar gabándose do ben que estamos e do marabillosamente que funcionan os centros plurilingües (en moitos casos consiste en ter un auxiliar de conversa facendo as veces de dicionario vivente sentado na aula). E mentres seguimos neste cruceiro do proxecto Titanic -no económico e no social- para non desentoar, engadimos o lingüístico. Velaí están os tres soles do Paraguay que ocupan a ponte de mando.

A.Q.